

INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO

De acordo co disposto no Anexo I das bases reguladoras da convocatoria (Resolución reitoral do 21 de decembro de 2023, publicadas no DOG núm. 8, do 11 de xaneiro de 2024) sobre a obriga de aprobar e publicar os criterios de corrección antes da realización de cada exercicio, reunido o tribunal das probas selectivas para o acceso á escala administrativa, subgrupo C1, pola quenda de acceso libre, de persoal funcionario da Universidade de Santiago de Compostela (USC), de cara á realización do terceiro exercicio da fase de oposición e sobre a base da descrición da proba contida no indicado anexo, apartado I (Fase de oposición) nestes termos:

«Terceiro exercicio: consistirá na realización de dous supostos prácticos a escoller entre tres propostos polo tribunal. Estes supostos consistirán en preguntas curtas sobre calquera tema dos bloques do programa recollido no anexo II, agás o bloque 1 (Organización do Estado e Unión Europea).

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 150 minutos.

Este exercicio cualificarase de 0 a 45 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 22,5. Corresponderalle ao tribunal determinar o criterio exixido para acadar esta puntuación mínima.»

ACORDA:

Primeiro. Establecer as seguintes instrucións e aspectos organizativos a ter en conta para a realización da proba:

- O exercicio é de carácter práctico, sendo obrigatorio e eliminatorio.
- A súa celebración terá lugar o día 31 de maio de 2025 (sábado), ás 10:00 horas, na Aula 9 da Facultade de Dereito da USC, situada na Avenida do Doutor Ángel Jorge Echeverri, s/n, 15782 Santiago de Compostela.
- As persoas aspirantes deberán presentarse coa suficiente antelación no espazo adxacente á porta de entrada da aula indicada, para dar inicio ao chamamento a partir das 10:00 horas seguindo a orde de actuación prevista na base 6.1 da convocatoria, comezando alfabeticamente pola letra "V".
- Cada aspirante debe acudir provisto do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal, e levar bolígrafo de cor azul ou negra. As follas oficiais de exame para a realización da proba escrita serán facilitadas polo tribunal.
- Non se permitirá levar ningún tipo de material de apoio para a realización do exame.
- A duración da proba será de 150 minutos. Por parte do tribunal indicárase a hora de inicio e remate do exame, co límite máximo de tempo indicado.
- Cando finalice o tempo do exercicio daranse as instrucións oportunas para entregar os exames e saír da aula de forma ordenada.
- Todos as persoas aspirantes que realicen a proba teñen a obriga de entregar as follas oficiais de exame ao remate do tempo establecido.
- No momento da entrega das follas de exame o tribunal introducirá nun sobre e para cada aspirante a parte superior ou matriz da folla cos datos de identificación da persoa, por un lado, e a parte restante de cada folla onde figuren as respostas por escrito noutro sobre diferente. Desta forma garántese o anonimato no proceso de corrección.
- Antes de abandonar a aula, quen o desexe poderá dirixirse á secretaría do tribunal para solicitar un certificado de asistencia ao exercicio.
- Calquera outra dúbida ou aclaración que precisen as persoas aspirantes será resolta polo tribunal.

Segundo: Aprobar os seguintes criterios de corrección e avaliación:

- O exercicio consistirá na resolución de dous supostos prácticos a elixir entre tres propostos polo Tribunal. Cada suposto comprenderá 10 preguntas curtas cunha valoración de 2,25 puntos por cada unha delas, sobre calquera tema dos bloques do programa recollido no Anexo II, agás o bloque 1 (Organización do Estado e Unión Europea).
- Cada exercicio cualificarase de 0 a 45 puntos e será necesario para superar a proba que a suma das puntuacións obtidas nos dous supostos elixidos polos aspirantes sexa un mínimo de 22,5 puntos.
- Non se procederá á corrección e excluírase do proceso selectivo a aquelas persoas aspirantes que consignent nas follas de exame o seu nome e/ou apelidos, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.
- Valorarase, ademais da correcta resolución dos supostos, a capacidade de síntese e a claridade de ideas.

Terceiro: Determinar como posibles causas de exclusión do proceso as seguintes:

- Non comparecer no lugar e hora indicados ao chamamento para a realización do exercicio.
- Abrir o sobre que contén os tres supostos prácticos propostos polo tribunal ou comezar a realización do exercicio antes de que o autorice a presidencia do tribunal, así como continuar escribindo unha vez se indique a finalización do tempo de exame.
- Falar, copiar, intercambiar exames ou información co exterior ou con calquera persoa participante no proceso selectivo.
- Levar calquera tipo de dispositivo móbil, axenda electrónica ou reloxos intelixentes á realización da proba, o que poderá ser motivo de expulsión da aula de exame.

Cuarto: Reclamacións.

De conformidade coa base 7.2 da convocatoria, as persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal nos supostos prácticos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A presidenta do tribunal
Minia García Angulo

- Taboleiro de anuncios da sede electrónica da USC
(<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm?idPublObx=0>)
- Páxina web de convocatorias da Subárea de Planificación de PAS
(<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oeplistado>).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MINIA GARCIA ANGULO, XEFE A DA SUBAREA DE CONTABILIDADE,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 20/05/2025 11:51:33.

CSV: 1E52-6C68-4CF4-BB0D